

José Manuel Miñones Conde, Francisco Villaverde Marcos, Isabel González Cancela, José Francisco Doval Galán, Carmen Fraga Crespo, José Pazos Balsa, Pilar Candocia Pita, Olalla Alvite del Río, Susana Mayo Redondo e Anxo Doval Rey, Ramón García Argibay, Dolores Fernández Alvarez, Alfonso Rey López, Emilio Martínez Carballeira, Manuel Ferreiro Santiago, María González Gómez concelleiros e concelleiras de Ames, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta **MOCIÓN SOBRE AS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO CEIP DE VENTÍN**, en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta **MOCIÓN SOBRE AS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO CEIP DE VENTÍN**, en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O remate do curso 2012/2013 no concello de Ames está a dar varios sobresaltos á Comunidade Escolar xa que por un lado non acaba de ver ampliadas unha das súas infraestruturas básicas e por outro xurdiron noticias alarmantes de que varias Escolas Unitarias podían desaparecer a pesares de cumprir sobradamente coas ratios de alumnos e alumnas necesarios/as para o seu mantemento.

En primeiro lugar, o pasado 3 de abril de 2013, mediante resolución do 25 de marzo de 2013 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 64; pp. 9.800-9802), procedíase a anunciar a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación da obra de ampliación do CEP de Ventín, da parroquia de Biduído, no concello de Ames, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013.

O anuncio era moi esperado dadas as necesidades de prazas escolares en Milladoiro. Recordemos que non hai tanto tempo foi necesario engadir uns módulos para acoller aos nenos e nenas alí matriculados e que pouco máis tarde foi necesario quitarlle espazo ao comedor para adicalo a aulas.

Segundo consta na memoria técnica do proxecto, o edificio actual gañará unha altura en parte do inmovible e será ampliado cara á parte traseira incrementando a súa superficie en máis de oitocentos metros cadrados. Construiranse cinco novas aulas, dúas salas para desdoblamento de grupos, dous máis para apoio e reforzos e unha dependencia de usos múltiples de 175 metros cadrados. A ampliación tamén supón unha reordenación dos espacios permitindo a ampliación da biblioteca, e modificarase a entrada ao colexio, xa que se fará un novo acceso. Con todas estas obras, o colexio pasará das actuais 18 unidades a ter 24.

Ademais das obras de ampliación, tamén se ten prevista a renovación da instalación

eléctrica e lumínica, xa que a actual é bastante antiga e sufriu numerosos engadidos, sendo necesario adaptala á normativa actual.

O 27 de maio o Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda rexistrou unha Proposición Non de Lei no Parlamento Galego para evitar que as obras do Colexio de Ventín coincidan co período escolar, que foi debatida o 19 de xuño na Comisión de Educación do Parlamento, sendo rexeitada cos votos en contra do Partido Popular e o apoio de AGE, PSdeG-PSOE e BNG.

O pasado día 18 deste mes de xuño puidemos ler na prensa que a Consellería de Educación case tiña pechada a adxudicación da ampliación do colexio de Ventín xa que abrira o último sobre do concurso onde participaron 51 empresas. Na noticia dábanse datos sobre algunhas das empresas e un avance das conclusións da comisión.

Rematada a apertura de sobres, a comisión aínda ten 2 meses para adxudicar as obras, quedando pendente ademais a concreción do contrato e a posterior licitación, polo que aínda queda un proceso administrativo longo que cumprimentar antes de que se dea inicio á ampliación do centro.

A mediados do mes de xuño do presente ano a Consellería prevía que o inicio das obras sería para o mes de xullo, inicio que neste momento parece difícil que se poida cumprir. Isto supón un retraso máis nunhas obras moi necesarias e urxentes para atender as necesidades educativas do Milladoiro. Recordemos que en maio de 2012 a Consellería lle comunicara á ANPA de Ventín que a ampliación estaría lista para o curso 2012-2013, pero no mes de xullo de 2012 aínda se estaba revisando a idoneidade do proxecto .

Na licitación figura que o prazo de execución das obras será de 7 meses, polo que resulta moi probable que as obras de ampliación coincidirán co desenvolvemento da actividade docente en boa parte do vindeiro curso 2013/2014.

A execución das obras durante o curso vai supor moitos atrancos para o correcto desenvolvemento das clases. Durante o curso produciranse constantes ruidos ademais de existir circunstancias que poden incidir na seguridade do alumnado no patio do colexio, que probablemente se verá moi reducido na súa capacidade afectando aos nenos e nenas no seu tempo de lecer.

Igualmente, é necesario manter correcta e puntualmente informada á comunidade educativa sobre as consecuencias destas obras no tocante a posibles alteracións do horario escolar. O CEP de Ventín, desenvolve o seu horario mediante xornada partida, horario que facilita a conciliación laboral e familiar. Dentro das actividades que facilitan esta conciliación, aproximadamente 380 alumnos e alumnas fan uso do servizo educativo complementario de comedor.

Por todo o exposto, os concelleiros/as propoñen para acordo do Pleno os seguintes puntos:

O Pleno do Concello de Ames insta ao goberno da Xunta de Galicia a:

- 1) Acelerar o máximo posible o proceso de execución das obras de ampliación do CEP de Ventín. De xeito que se implanten tres quendas de traballo durante os meses de verán (tempo non lectivo), co fin de que as obras rematen canto antes e que non dificulten máis do necesario o normal desenvolvemento da actividade docente e as restantes actividades da Comunidade Educativa.

- 2) Garantir que as obras non coincidan co horario escolar, e no suposto de que as obras impliquen a alteración dos horarios actuais e unha modificación da xornada escolar, que se arbitren os medios necesarios para que as familias poidan manter a actual situación de conciliación laboral e familiar, dispoñendo o uso de transporte escolar despois do servizo de comedor.

Ames, 27 de xuño de 2013

Asdo.

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES